

## ELECCIÓN A CLAUSTRO UNIVERSITARIO E REITOR

(Aprobado na sesión de Consello de Goberno do 5 de marzo de 2010 e modificado na sesión de Consello de Goberno de 22 de marzo de 2010)

### Interpretación dos Artigos 32 e 57 dos Estatutos da Universidade:

Para ser electores e elixibles en cada un dos sectores deberán cumprirse os seguintes requisitos:

#### a) Profesorado doutor con vinculación permanente á universidade:

- Pertencer aos corpos de funcionarios docentes establecidos pola Lei en situación de servizo activo (salvo profesorado propio en comisión de servizo) como funcionario de carreira, estando ademais en posesión do título de doutor.
- Pertencer á categoría de profesor contratado doutor.

#### b) Restante Persoal docente e investigador:

- Pertencer aos corpos de funcionarios docentes establecidos pola Lei en situación de servizo activo (salvo profesorado propio en comisións de servizo) como funcionario de carreira, sen o título de doutor.
- Profesorado integrado da antiga Escola de Relacións Laborais.
- Persoal docente contratado sen vinculación permanente: profesores axudantes doutores, axudantes, profesores asociados, profesores visitantes, profesorado interino, profesores interinos de substitución, profesores eméritos, lectores e profesores de relixión.
- Persoal investigador contratado: doutores seleccionados mediante convocatoria pública competitiva (contratados Ramón y Cajal, Parga Pondal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño, Marie Curie e outros asimilados).
- Outro persoal investigador: contratados e bolseiros FPI/FPU, Xunta (María Barbeito) e outros asimilados.
- Persoal contratado con cargo a proxectos de investigación que poidan acreditar unha vinculación coa Universidade de Vigo superior a un ano, dentro dos últimos dezaioito meses e con dedicación polo menos a media xornada.

#### c) Estudantes:

- Estar matriculados en calquera das ensinanzas de primeiro ou segundo ciclo das titulacións oficiais a extinguir, das ensinanzas de grao e máster universitario, ou ben ser estudante de terceiro ciclo.

#### d) Persoal de Administración e Servizos:

- Pertencer a corpos, escalas ou prazas de funcionarios de carreira ou interinos en situación de servizo activo, ou ás categorías de persoal laboral establecidas no correspondente convenio colectivo ou na lexislación laboral de aplicación.
- Contratos derivados de convocatorias do Ministerio: Técnicos de I+D e Infraestruturas (exclúense aqueles técnicos contratados con cargo a proxectos de investigación)..
- Tecnólogos: Lucas Labrada e Isabel Barreto.